



## PAULA CARBALLEIRA E QUICO CADAVAL INAUGURAN XUNTOS EN SANTIAGO A DÉCIMA EDICIÓN DO FESTIVAL ATLÁNTICA

- En Compostela tamén haberá espectáculos de Dani Blanco, Cris Collazo, Celso Fernández Sanmartín e a Banda Municipal de Música
- No veciño concello de Teo inaugurarán o festival os portugueses Vítor Fernandes e Estefânia Surreira
- En Ferrol actuará a colombiana Carolina Rueda e en Outes, a galega María da Pontragha

**Santiago, 29 de xuño do 2022.-** A inauguración do **X Festival Atlántica** vai estar protagonizada por dous grandes da narración oral galega: **Paula Carballeira** e mais **Quico Cadaval**. Ambos os dous artistas ocuparán o escenario que se vai instalar no Parque de Bonaval para celebrar co público os '10 anos do mar de contos'. Será a partir das 21:30 horas e con entrada gratuíta. Iso si, as cadeiras están esgotadas desde hai un par de días pero é posible acceder ao espazo e sentar na herba ou levar un asento propio.

Pero antes deste acto oficial están previstas outras actividades repartidas pola cidade. A primeira cita será ás 11 da mañá no CSC das Fontiñas onde o galego **Dani Blanco** levará as súas 'Historias desde o outro lado da raia', unha escolma de contos dirixida ao público infantil e familiar.

Xa pola tarde, ás 19 horas, os bebés de entre 0 e 3 anos teñen unha cita con **Cris Collazo** no Parque de Bonaval e 'Son de berce'. Un chisco máis tarde, ás 20 horas, será a quenda dunha 'Romaría' artellada entre **Celso Fernández Sanmartín** e a **Banda Municipal de Música de Santiago** na Praza de Praterías.

Ademais, o concello veciño de **Teo** tamén recibirá un espectáculo do Festival Atlántica. Trátase de 'Dois dos montes' dos portugueses **Vítor Fernandes e Estefânia Surreira** que actuarán na Carballeira da Tomada, en Calo, ás 21:30 horas.

### Atlántica multisede

A actividade do festival en **Santiago** continuará ata o vindeiro **9 de xullo** e incluírá un total de **31 espectáculos** dos 94 previstos en toda Galicia. Esta intensa programación na cidade é posible grazas ao financiamento da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña e a colaboración do Concello de Santiago.

Mais Atlántica tamén vai desenvolver a súa actividade noutros lugares espallados polas catro provincias galegas. De feito, outras dous sedes acollerán mañá espectáculos do festival. A primeira delas é Ferrol, onde a colombiana Carolina Rueda brindará dúas funcións, unha para público infantil e familiar e outra para adultos, na Biblioteca Municipal. O segundo lugar é

Outes onde a galega María da Pontragha tamén ten previstas dúas funcións para nenos e maiores na Praia de Broña.

Alén diso, nesta edición tamén haberá actuacións nas localidades de Alfoz, Boiro, Cuntis, Dodro, Lalín, Mondoñedo, Mugardos, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Sanxenxo, Ourense, Pazos de Borbén, Vigo, A Estrada, Campo Lameiro, Carnota, Chantada, Paderne, Zas e Padrón, ademais de Santiago de Compostela, Ferrol e Outes. Toda a información sobre os espectáculos e os artistas está dispoñible na web do festival.

## Festival Atlántica

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, naceu no ano 2013 con sede en Santiago de Compostela cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlantista. O seu obxectivo inicial era indagar nas raíces das historias do océano, na procura da identidade cultural común do Atlántico e nas historias que se foron difundindo polos camiños do mar. Co paso do tempo este obxectivo ampliouse coa incorporación da rede de festivais do atlántico e a interacción do patrimonio inmaterial das historias co patrimonio material e cultural de Galicia. Na actualidade, Atlántica presenta unha identidade propia e singular que o converte nun referente dentro dos encontros de narración oral da Península Ibérica e da América Latina.

+INFO: <http://festivalatlantica.gal>

KIT DE PRENSA FESTIVAL ATLÁNTICA: <https://cutt.ly/Atlantica2022>

CONTACTO: **Bea Pérez** | 604 070 409 | [prensa@festivalatlantica.gal](mailto:prensa@festivalatlantica.gal)

## FESTIVAL ATLÁNTICA | AXENDA 30 DE XUÑO | SANTIAGO E TEO

### SANTIAGO\*

#### XOVES 30 DE XUÑO

‘Historias desde o outro lado da raia’ **Dani Blanco** (Galicia)  
11 h | CSC das Fontiñas | Infantil e familiar (+3 anos) | En galego

‘Son no berce’ **Cris Collazo** (Galicia) | ESPAZO BEBÉS  
19 h | Parque de Bonaval | 0 a 3 anos | En galego

‘Romaría’ **Celso F. Sanmartín e Banda Municipal de Música de Santiago** (Galicia)  
20 h | Praza de Praterías | Adultos | En galego

#### INAUGURACIÓN X FESTIVAL ATLÁNTICA

‘10 anos do mar de contos’ **Paula Carballeira e Quico Cadaval** (Galicia)  
21.30 h | Parque de Bonaval | Adultos | En galego  
Cadeiras limitadas. Inscrición previa en [festivalatlantica.gal](http://festivalatlantica.gal)

### TEO\*

#### XOVES 30 DE XUÑO

‘Dois dos montes’ **Vítor Fernandes e Estefânia Surreira** (Portugal)  
21.30 h | Carballeira da Tomada (Calo) | Adultos | En galego e portugués

\*Programa suxeito a cambios. En caso de choiva, consultar as modificacións na web e/ou redes sociais